

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO

ACTA NUMERO: 2018/03

CARÁCTER: ORDINARIA

CONVOCATORIA: Primeira.

DATA: 27 de marzo de 2018.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día **27 de marzo de 2018** reúnese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter **ORDINARIO** baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á continuación se indican:

Polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde)

D.Ana María Martínez Fernández

Dona María Luz Alvarez Lastra

D. Vicente Castro Reigosa

D.Xosé Farruco Graña Rama

Dona María Sonia Meilán Vizoso

D.David Rivas Peña

Dona María da Paz Ermida Igrexas

D.Jorge Díaz Freije

Dona Vanesa Yanes Rivas

Polo Grupo do Partido Popular

D.Jesús López Penabad

Dona María Rosina Tosar López (excusa ausencia)

D.José Juan Estevez Fernández

D. José María García Suárez

Porlo Grupo do Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE

Dona Aurora González Ginzo

Dona Cristina Losas Soria

Polo Grupo de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía

Dona Marta María Saiz García

Secretario Xeral:

D.José A. Carro Asorey

Interventor:

D.Luis R.Vázquez Parga

Técnico de Admón.Xeral.

D.José Rodil Veiga

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

Discúlpase a ausencia da Concelleira do Grupo Popular Sra. Tosar López.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR ORDINARIA DE DATA 23 DE XANEIRO DE 2018.

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador da acta correspondente á sesión epigrafiada nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación, por quince votos a favor e a abstención da Sra. González Ginzo do Grupo Socialista por non asistir á sesión referida de 23 de xaneiro ppdo. en votación ordinaria, acorda prestarlle a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

2.- EXPEDIENTE Nº 229/2018 RELATIVO A DACIÓN DE CONTA DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2019-2021.

Previa sucinta explicación polo Interventor municipal do contido do asunto epigrafiado, a Corporación municipal dáse por enterada.

3.- EXPEDIENTE Nº 232/2018 DACION DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DE 2017.

Previa sucinta explicación polo Interventor municipal do contido do asunto epigrafiado, a Corporación municipal dáse por enterada.

4. EXPEDIENTE Nº 229/2018 DACIÓN DE CONTA DO INFORME SOBRE CUMPRIMENTO DE PRAZOS LEI 15/2010, 4º TRIMESTRE DE 2017.

Previa sucinta explicación polo Interventor municipal do contido do asunto epigrafiado, a Corporación municipal dáse por enterada.

5.-EXPEDIENTE Nº 2918/2017 RELATIVO A RECURSO DE REPOSICIÓN FORMULADO POR D.ALBERTO VILLANUEVA GONZÁLEZ CONTRA ACORDO MUNICIPAL SOBRE INCOMPATIBILIDADE.

Por Secretaría dase lectura ao contido do ditame da Comisión Informativa:

“Dase conta por Secretaría do Informe proposta en relación co recurso de reposición formulado neste expediente, que se transcribe:

INFORME-PROPOSTA DE SECRETARÍA

*En relación co expediente tramitado para recoñecemento de compatibilidade do persoal ao servizo da Administración local para desempeñar actividades privadas, e en cumprimento do establecido no artigo 54 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; nos artigos 172 e 175 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; e no artigo 3.a) do Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, emítase o seguinte **INFORME**:*

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO. O 29 de novembro de 2017 o Pleno da Corporación acordou con relación á solicitude formulada por D.Alberto González Villanueva para compatibilizar o seu traballo nesta Entidade de operario de servizos múltiples con actividades privadas na súa empresa de hostelería Maloserá, rexeitar a compatibilidade para o desempeño desas actividades privadas polos motivos expostos no procedemento de incompatibilidade horaria e de traballos en ambos sectores.

SEGUNDO. Con data 29 de decembro de 2017 o interesado presentou recurso sinalado que non está conforme co acordo adoptado, que é público e notorio que é socio e administrador único dunha sociedade limitada, dedicada á hostelería que abre ao público os venres, sábados e domingos de forma habitual contando con persoal cualificado, camareros, tal e como consta no informe que acompaña da TGSS. Sinala tamén que o seu traballo fronte ao negocio salvo momentos moi puntuais é meramente de xerencia e administración e que e ningún caso existe limitación ou incompatibilidade horaria para poder exercer o seu traballo nesta entidade con levar a administración da súa sociedade xa que non existe dependencia na prestación dos servizos sen existir sometemento a horario nin formar parte do persoal laboral da mesma. Solicita, en consecuencia, a reconsideración do acordo plenario de 29.11.2017 e poder manter a súa participación na sociedade de hostelería xa que a mesma ten empregados que son quen traballa exercendo unicamente como administrador da mesma.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

A lexislación de aplicación é a seguinte:

— O artigo 145 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local.

— A Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

— O Real decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos entes, organismos e empresas dependentes.

— Os artigos 24, 95, e a disposición final terceira da Lei 5/2015 do 30 de outubro de aprobado do TR do Estatuto básico do empregado público.

— O artigo 50.9 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

— Os artigos 22.2.q) e 47.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

___ O convenio colectivo para o Persoal laboral deste Concello (BOP de Lugo n °147 de 29/06/2015)

___ A RPT municipal vixente (BOP de Lugo núm. 9 de 11 de xaneiro de 2013)

___ A Lei 2/2015, de 29 de abril do emprego público de Galicia.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

1.- Dase aquí por reproducido na súa integridade o informado por esta Secretaría, con data 18/09/2017 e que, de acordo á lexislación de aplicación, xurisprudencia aplicable e informes obrantes no expediente, básicamente viña suliñar que existe unha incompatibilidade horaria por mór dos traballos aos que está adscrito o referido traballador (con posto de traballo de operario de limpeza viaria) sen prexuízo das modificacións que no mesmo se poden producir dentro das facultades de autoorganización dos servizos de que gozan as administracións públicas para a execución das funcións encomendadas.

Sinalábase tamén que para o caso de coincidir o remate dunha xornada co comezo da outra non se produciría o descanso efectivo que debe existir entre xornadas o que sen lugar a dúbidas incidiría na prestación dos servizos de carácter público que debe desenvolver o empregado en cuestión.

2.- Tamén se informaba que, por excepción, e sen prexuízo das limitacións sinaladas nos artigos 1.3 —protección da imparcialidade e independencia do persoal—, 11, 12 e 13 — incompatibilidades de actividades privadas— da Lei 53/1984, podería recoñecerse compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñe postos de

traballo que supoñan a percepción de complementos específicos, ou concepto equiparable, cuxa contía non supere o 30% da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade. Así está establecido no artigo 16.4 da Lei 53/1984 (STS do 11 de marzo de 1994 e STSX de Castela-A Mancha, do 13 de xuño de 1998).

Conforme ao exposto no presente caso dentro da estrutura salarial da nómina consta como retribucións complementarias o **complemento específico en contía de 340,37 euros o que supón con relación ao soldo base de 559,50 €, sen antigüidade**, (aínda que no presente caso tampouco existe) **un 60.83 %**, superando en consecuencia as previsións do 30 % previsto na norma.

A actual RPT municipal (BOP Lugo n.º 9 de 11 de xaneiro de 2013) sinala que "... nas cantidades relativas ao complemento específico de cada posto (CE) inclúense os conceptos de especial dificultade técnica, dedicación, **incompatibilidade**, responsabilidade, perigosidade, penosidade, turnicidade e nocturnidade, segundo os postos.

A percepción de complemento específico asimesmo implica a incompatibilidade para os titulares dos postos de traballo de conformidade co disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro de incompatibilidades de persoal ao servizos das Administracións Públicas.

3.- En base ao anterior a proposta desta Secretaría e o acordo adoptado polo Pleno en 29 de novembro de 2017 foi de rexeitar a compatibilidade para o desempeño de actividades privadas tal e como se solicitada pola incompatibilidade horaria e de traballos en ambos sectores.

4.- Que do recurso de reposición formulado non se deduce a existencia de variación algunha respecto do inicialmente acordado polo que

En virtude de todo canto antecede, de acordo co establecido nos artigos 14.2 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, e 50.9 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e con base no artigo 175 do ROF, esta Secretaría formula para o seu tratamento no Pleno municipal como órgano competente na materia a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Manter o rexeitamento da compatibilidade solicitada por don Alberto González Villanueva para o desempeño de actividades privadas polos motivos expostos relativos á incompatibilidade horaria e de traballos en ambos sectores.

SEGUNDO. Notificar ao interesado o acordo que se adopte."

A Comisión Informativa, por oito votos a favor (dos membros dos Grupos municipais BNG,PP e C's) e unha abstención do Grupo municipal PSG-PSOE, acorda ditaminar favorablemente a proposta de secretaria para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal.

A Corporación, en votación ordinaria, por catorce votos a favor (dos Grupos BNG,PP e C's) e dúas abstencións do Grupo PSG-PSOE, acorda prestar aprobación ao ditame de referencia nos seus propios termos e en consecuencia:

1. Manter o rexeitamento da compatibilidade solicitada por don Alberto González Villanueva para o desempeño de actividades privadas polos motivos expostos relativos á incompatibilidade horaria e de traballos en ambos sectores.
2. Notificar ao interesado o acordo que se adopte.

6.-EXPEDIENTE Nº 818/2018 RELATIVO Á MODIFICACIÓN DO ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNNS DE TRABALLO DO PERSOAL FUNCIONARIO.

Por Secretaría dase lectura ao contido do ditame da Comisión Informativa que se cita:

“Dase conta do expediente epigrafiado e proposta da Alcaldía que se transcribe:

“PROPOSTA DA ALCALDIA DE MODIFICACIÓN NO ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNNS DE TRABALLO PARA O PERSOAL FUNCIONARIO.-

Visto o texto do Acordo Regulador das condiciónns de traballo para o persoal funcionario desta Entidade aprobado por acordo Plenario de 23 de decembro de 2014 así como modificaciónns ulteriores operadas no mesmo

Visto o acordo adoptado por unanimidade na Mesa de negociación conxunta para Persoal Funcionario e Laboral de data 14 de novembro de 2017 relativo a solicitude de compensación pasra os servizos nocturnos da Policía Local.

Esta Alcaldía, atendendo ao referido acordo da Mesa de Negociación,

PROPÓN ao Pleno Municipal que previo ditame da Comisión Informativa correspondente se adopte o seguinte acordo:

Visto expediente tramitado para fixar coeficientes por compensación de traballos nocturnos polos axentes da Policía Local desta Entidade así como a Circular da Dirección Xeral da Policía de 18 de decembro de 2015 para a xornada laboral dos funcionarios da Policía Nacional e tendo en conta o que se dispón no Acordo Regulador para funcionarios, o Pleno do Concello acorda:

1º.- *Modificar o Acordo regulador das condicions de traballo do persoal funcionario engadindo o seguinte párrafo no Artigo 46.2 Traballo en período nocturno e festivo:*

Fixar o coeficiente do 1,4 para a compensación dos servizos nocturnos da Policía Local.

Este coeficiente afecta tanto aos servizos nocturnos en días laborables como festivos e /ou domingos e será única e exclusivamente de aplicación á aqueles servizos que se presten de xeito efectivo, sen que se inclúan polo tanto nestas compensaciónns aqueles servizos que

figuren teóricamente nos cadros/horarios de servizo e non se presten de xeito efectivo.

Os correspondentes cadrantes de servizos da Policía Local adaptaranse ao disposto neste acordo.

2º. *Facultar á Alcaldía-Presidencia para a adopción de cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.*"

A Comisión Informativa, por unanimidade dos seus membros acorda ditaminar favorablemente a proposta de referencia para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal."

A Corporación, en votación ordinaria, por unanimidade dos membros presentes acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión mencionado nos seus propios termos.

7.-EXPEDIENTE Nº 613/2018 RELATIVO A CONVENIO COA XUNTA DE GALICIA PARA OS PROCESOS SELECTIVOS DE PRAZAS DE POLICÍA LOCAL.

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa:

"Dase conta do expediente epigrafiado e informe-proposta de Secretaría que se transcribe:

"INFORME-PROPOSTA DE SECRETARÍA.-

En relación co expediente para delegación na Comunidade Autónoma de Galicia do exercicio da competencia municipal respecto dos procesos selectivos para provisión de postos ou prazas de Policía Local en cumprimento da Providencia de Alcaldía emito o seguinte informe-proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, con base aos seguintes,

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. *Con data 2 de marzo de 2018 considerouse pola Alcaldía conveniente e axeitado, para unha maior eficacia na xestión, delegar na Comunidade Autónoma para a súa realización a través da Academia Galega de Seguridade Pública o exercicio da competencia municipal correspondente a programación e desenvolvemento dos procesos selectivos para provisión de postos de traballo da Policía Local desta Entidade.*

SEGUNDO. *Con data 2 de marzo de 2018 emitiuse informe por Secretaría sobre o procedemento e lexislación aplicables para levar a cabo esta delegación a través do mecanismo legal coa Comunidade Autónoma, Convenio tipo.*

TERCEIRO. *Con data de 05/03/2018 emitiuse informe de Intervención sobre a existencia de recursos suficientes para autorizar o gasto que supón a transferencia de fondos necesarios. Neste caso e do xeito que se pretende artellar a delegación de competencias o custo para o Concello é cero toda vez que os mesmos son asumidos na súa integridade pola Comunidade Autónoma.*

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable ao asunto é a seguinte:

* O artigo 47.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

* Os artigos 66 e 67 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local.

* O artigo 9, 48 e concordantes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, **procedendo a súa aprobación polo Pleno por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación**, de conformidade cos artigos 22.2.p) e 47.2.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución:

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Delegar na Comunidade Autónoma de Galicia – Xunta de Galicia- a competencia municipal para a realización da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás prazas vacantes de Policía Local do Concello de Ribadeo.

SEGUNDO. A delegación comprende as seguintes facultades:

A convocatoria e desenvolvemento de todos os procesos selectivos para a provisión das vacantes existentes nas prazas das diferentes categorías do seu corpo de Policía local segundo as necesidades de persoal que lle sexan comunicadas polo concello na forma e prazos establecidos e demais normativa de aplicación.

TERCEIRO. Trasladar certificación do acordo que se adopte á Xunta de Galicia para o seu coñecemento e efectos consiguientes.

CUARTO. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a adopción de cantos actos, trámites ou xestións sexan necesarios para o bo fin dos acordos adoptados.”

A Comisión Informativa, por unanimidade dos seus membros acorda ditaminar favorablemente a proposta de referencia para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal.

A Corporación por unanimidade dos seus membros presentes, en votación ordinaria, acorda prestar aprobación ao ditame transcrito anteriormente nos seus propios termos.

8.- EXPEDIENTE Nº 920/2018 RELATIVO Á MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 2/2018.

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa:

“Por Intervención dase conta do expediente epigrafiado e Proposta da Alcaldía que se transcribe.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o expediente incoado por esta Alcaldía para a aprobación da modificación de crédito número 02/2018 do Orzamento Xeral do exercicio 2018 e tendo en conta os seguintes antecedentes de feito:

- Que na providencia de Alcaldía de inicio de data 12/03/2018 xustificase o motivo da tramitación deste expediente no disposto no artigo 32.1 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e substentabilidade financeira, que sinala que no caso de que a liquidación orzamentaria se sitúe en superávit, como é o caso do Concello de Ribadeo, este destinarase a reducir o nivel de endebedamento neto sempre co límite do volume de endebedamento se este fose inferior ao importe do superávit a destinar á redución de débeda, polo que procedería amortizar, cando menos parcialmente, algunha das operacións de crédito vixentes, para o que será precisa unha modificación de créditos, na modalidade de suplemento de crédito.
- Que o importe total da proposta de modificación que formula a Alcaldía ascende á cantidade de cincocentos corenta mil euros (540.000,00 €), e finánciase co remanente de tesourería para gastos xerais obtido da liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2017, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 09/03/2018. O importe en cuestión destinarase a saldar por unha banda a operación de crédito nº 105149 asinada en 2012 con ABANCA, incluída no plan de pagamento a provedores, posto que é a operación máis importante que aínda ten o concello, e a marxe sobre o EURIBOR a 3 meses que ten o seu tipo, un 4,02 %, é moi superior á das restantes, o fai que sexa a máis antieconómica das vixentes; e por outra a asinada en 2017 con ABANCA con nº 8.826-3, o motivo da elección é que unha vez cancelada a anterior, é a que ten a marxe sobre o EURIBOR a 3 meses máis elevado.

Visto o informe de Intervención emitido o día 12/03/2018 e considerando os seguintes fundamentos xurídicos:

- Os artigos 169, 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que regulan os expedientes de crédito extraordinario e suplemento de crédito, que se complementan nos artigos 35 a 38 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario e nas Bases de Execución do Orzamento.
- Artigo 32 e a disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Substentabilidade Financeira, relativos ao posible destino do superávit orzamentario, que entre outros prevé a súa aplicación para atender as obrigas pendentes de aplicar a orzamento e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigas pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas ao peche do exercicio anterior e á redución do endebedamento neto.

De conformidade co exposto proponse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. - Aprobar con carácter inicial o expediente número 02/2018 de modificación do Orzamento Xeral de 2018 por importe de cincocentos corenta mil euros (540.000,00 €), na modalidade de suplemento de crédito financiado co remanente de tesourería para gastos xerais obtido da liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2017, segundo se detalla nas táboas que de seguido se reflicten:

MODIFICACIÓN NÚMERO 02 DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2018 POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

Altas nas aplicacións de gastos

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
------------	--------------	---------	--------------	------------

		ACTUAL		
011.91300.	Débeda pública. Amortización operacións de crédito a m/p e l/p	114.674,42	540.000,00	654.674,42
Total expediente de modificación de crédito 02/2018				540.000,00

Altas en conceptos de ingresos/Artigo 43.1.a), b) e c) do Real decreto 500/1990

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
87000	Remanente líquido de tesourería para gastos xerais	0,00	540.000,00	540.000,00
Total expediente de modificación de crédito 02/2018				540.000,00

SEGUNDO. – Expor este expediente ao público mediante anuncio inserto no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentarán alegacións polos interesados, entenderíase que a modificación de crédito foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación do Orzamento será publicada, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Simultaneamente a este envío, remitirase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.”

A Comisión Informativa, por sete votos a favor (dos membros dos Grupos BNG, PSG-PSOE e C’s) e dúas abstencións do Grupo municipal Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta de referencia para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal.

A Corporación, en votación ordinaria, por unanimidade dos membros presentes acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión mencionado nos seus propios termos.

9.- EXPEDIENTE Nº 974/2018 ORDENANZA REGULADORA DA PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS E XESTIÓN DA BIOMASA.

Dase conta do ditame da Comisión que se transcribe:

“Obra no expediente o texto da Ordenanza para a prevención de incendios forestais e a salvagarda das condicións de limpeza, ornato, salubridade e seguridade dos terreos pola que se regulan as plantacións arbóreas, as obrigas de xestión de biomasa e os usos do lume no solo urbano, de nucleo rural e urbanizable do concello de ribadeo.

O Sr.Alcalde explica sucintamente a mesma.

A Comisión Informativa, por sete votos a favor (dos membros dos Grupos BNG, PSG-PSOE e C’s) e dúas abstencións do Grupo municipal Popular, acorda ditaminar favorablemente a mesma para para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal no senso de aprobala de xeito provisional así como a súa exposición ao público por período regulamentario a efectos de exame e reclamacións.”

A Corporación, en votación ordinaria, por unanimidade dos membros presentes acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión mencionado nos seus propios termos procedendo en consecunecia á aprobción provisional e exposición pública de xeito regulamentario a efectos de exame e reclamacións.

10.-EXPEDIENTE Nº 961 RELATIVO A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DO IBI.

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa:

““Por Intervención dase conta do expediente epigrafiado e proposta que se transcribe:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Por esta Alcaldía sométese a estudio da Comisión Informativa Municipal de Economía, Facenda e Contas a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmóbles, marcando as pautas oportunas para que sexa o devandito órgano colexiado quen adopte finalmente unha proposta concreta que se elevará a debate e resolución do Concello Pleno.

A modificación da presente ordenanza, como se sinala na Providencia de Alcaldía de 13/03/2018 que inicia o expediente, refírese aos seguintes aspectos:

- *Reducir o tipo impositivo aplicable aos bens inmóbles de natureza urbana ata un 0,57 exclusivamente para o exercicio 2019, volvendo a partires dese exercicio ao 0,62 fixado no acordo plenario de 23/01/2018.*

A motivación está en que o día 30 de decembro de 2017 foi publicado no BOE o Real Decreto-lei 20/2017, de 29 de decembro, polo que se prorrogan e se aproban diversas medidas tributarias e outras medidas urxentes en materia social . Esta norma contén no artigo 1 os Coeficientes de actualización de valores catastrais do artigo 32.2 do texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, de acordo co seguinte:

“1. Os coeficientes de actualización de valores catastrais a que se refire o apartado 2 do artigo 32 do texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, quedan fixados para 2018 con arranxo ao seguinte cadro:

Año de entrada en vigor ponencia de valores Coeficiente de actualización
1984, 1985, 1986, 1987, 1988, 1989 e 1990 **1,08"**

Como ocorreu nos exercicios anteriores, o equipo de goberno comprometeuse a que esta actualización de valores non supuxese incremento dos importes a aboar en concepto de IBI polos veciños, polo que no pleno de 23/01/2018 foi acordado reducir o tipo impositivo aplicable aos bens de natureza urbana tamén nun 8%, de xeito que este quedase fixado nun 0,62.

Esta medida aplicábase de acordo co disposto na Disposición Adicional 13 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, non obstante, como consecuencia do retraso da administración do estado na publicación dos coeficientes para 2018 (30/12/2017), das vacacións das que xa desfrutaba por esas datas parte do persoal da área necesario para tramitar o expediente, da data do pleno, e do atraso que como sempre orixina o BOP de Lugo nas publicacións (acordo inicial publicado o 30/01/2018), non se puido contar coa publicación definitiva dos novos tipos na data límite legal do 01/03/2018, polo que non serían aplicables ata 2019.

Así, non sendo posible por tanto en 2018 compensar o incremento que terá lugar na cota tributaria do IBI urbano para os veciños, considerase imprescindible modificar novamente a Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis, para que en 2019 teña lugar esta compensación fixando un tipo aplicable aos inmóveis urbanos dun 0,57, e posteriormente volver nos anos seguintes a deixalo no 0,62 que se fixou o 23/01/2018.

Deste xeito, despois de examinar o expediente tramitado para a modificación da ordenanza, visto o informe emitido pola Tesourería fiscalizado e conformado pola Intervención municipais de data 15/03/2018, enténdese que procede realizar unha modificación do texto da Ordenanza Fiscal en vixencia de acordo co exposto.

Tendo en conta ademais os seguintes fundamentos xurídicos:

- Os apartados a) e b) do artigo 4.1 e o artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que atribúen aos Municipios a potestade regulamentaria, tributaria e financeira.
- Os artigos 15 a 19, 59 e DA 13^a do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, nos que se regula o procedemento para a imposición, ordenación e modificación dos tributos locais a través das correspondentes ordenanzas fiscais, e os impostos obrigatorios.
- O artigo 22.2,e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que asigna ao Concello Pleno competencia para a determinación dos recursos propios de carácter tributario.

En consideración ao exposto, esta Alcaldía eleva á consideración do Concello Pleno a seguinte proposta:

Primeiro. - Aprobar con carácter provisional a modificación da Ordenanza fiscal I1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis, quedando redactados os artigos modificados do seguinte xeito:

ORDENANZA FISCAL I1 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Artigo 2º. Tipo de gravame.

- 1. O tipo de gravame do Imposto para os bens de natureza urbana fíxase no 0,57 por 100.**

2. O tipo de gravame do Imposto para os bens de natureza rústica fíxase no 0,54 por 100.
3. O tipo de gravame do Imposto para os bens de características especiais fíxase no 0,73 por 100

Disposición transitoria única. Aplicación de tipos impositivos.

O tipo de gravame a que se refire o artigo 2.1 da presente Ordenanza, **0,57 por 100**, aplicarase dende do 1 de xaneiro de 2019 ata 31 de decembro de 2019 aos bens inmobles de natureza urbana.

A partir do 1 de xaneiro de 2020, o tipo de gravame aplicable aos bens inmobles de natureza urbana será **0,62 por 100**”

Segundo.- Expoñer ao público no Taboleiro de Anuncios deste Concello o presente acordo provisional, e a redacción dos artigos modificados da Ordenanza Fiscal, durante o prazo de trinta días hábiles, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. A devandita exposición ao público anunciarase por edicto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a contar o seu prazo a partir do día seguinte a aquel en que se produza a citada publicación.

Finalizado o período de exposición pública, o concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentasen e aprobará a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

Os acordos definitivos a que se refire o parágrafo anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da modificación, publicaranse no boletín oficial da provincia, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación.”

A Comisión Informativa, por sete votos a favor (dos membros dos Grupos BNG, PSG-PSOE e C’s) e dúas abstencións do Grupo municipal Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta de referencia para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal.

A Corporación, en votación ordinaria, por unanimidade dos membros presentes acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión mencionado nos seus propios termos.

11.-EXPEDIENTE Nº 991/2018 RELATIVO A MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NUM. 4/2018

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa:

“Por Intervención dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe, relativa á Modificación de crédito núm. 4/2018:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o expediente incoado por esta Alcaldía para a aprobación da modificación de crédito número 04/2018 do Orzamento Xeral do exercicio 2018 e tendo en conta os seguintes antecedentes de feito:

- Que na providencia de Alcaldía de inicio de data 16/03/2018 xustificase o motivo da tramitación deste expediente mediante unha relación das aplicacións orzamentarias do Estado de Gastos que precisan aumentarse, que en concreto son as que forman parte do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 01/2018, tendo en conta que a necesidade de maior consignación nestas provén da obriga de recoñecer as obrigas de exercicios anteriores que se inclúen en dito expediente e que se sinalan a continuación, que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, atendendo ao recollido no artigo 187 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e artigo 198.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

TERCEIRO	CONCEPTO	IMPORTE
APAGAL SEGURIDAD Y PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS,S.L.	Revisión de extintores de diversas instalacións municipais, fra. 201702337 de 192/12/2017, R.E. 22/12/2017	1.424,17 €
URBASER,S.A.	Compensación por cantidades mínimas garantizadas período 06/2015 a 12/2016, fra. 3053FACT160026 de 30.12.2016, R.E. 12.01.2017	20.645,37 €
GRUPO GASMEDI,S.L.U.	Oxígeno medicinal, fra. DH/14/04/A/318 de 30,04,2014, R.E. 20,11,2017.	53,35 €
LEANDRO SENDÍN FERNANDEZ	Reparación térmicos Centro de Día, fra. 106/2017 de 19.12.2017, R.E. 27.12.2017.	525,14 €
FIGUEIRAS RAMA, JOSÉ MANUEL	Restitución rótulo deteriorado por vehículo municipal, fra. F/17130 de 21.04.2017, R.E. 07.06.2017.	828,85 €
THYSEENKRUPP ELEVADORES, S.L.U.	Servizo de mantemento do elevador do CEIP G.Sanz, fra. 9001255742 de 01.10.2017, R.E. 04.10.2017.	170,56 €
CLUBEPIRAGÜISMO ALTRUÁN RIBADEO	Prestación servizo escola municipal de piragüismo, fra 02 de 01.10.2017, R.E. 26.10.2017.	1.060,00 €
MEGASOFT RIBADEO,S.L.U.	Suministro fax multifunción Brother, fra. A133 de 22.06.2017, R.E. 10.07.2017.	159,00 €
FERROS ALONSO,S.L.	Subministro diverso material para obras, fra. 3837 de 15.09.2017, R.E. 21.09.2017.	519,72 €
OTERO ARES, JESÚS	Subministro tonner para impresoras, fra. FV17/00102 de 19.06.2017, R.E. 21.06.2017.	98,74 €
RODRÍGUEZ GARCÍA, JOSÉ MANUEL	Coordinación e preparación VII curso de jazz e música moderna de Ribadeo, fra. A/2/2017 de 26.10.2017, R.E. 03.11.2017.	129,03 €
LA VOZ DE GALICIA,S.A.	Suplemento cabodeano Ponte dos Santos, fra.	242,00 €

	012774 de 31.10.2017, R.E. 13.11.2017.	
IRIARTE QUINTANA, FRANCISCO MIGUEL	Talonarios partes para obras, fra. 293 de 09.10.2017, R.E. 19.10.2017.	211,75 €
IRIARTE QUINTANA, FRANCISCO MIGUEL	Vinilo cooperación risga alamacen medioambiente, fra. 265 de 18.09.2017, R.E. 02.10.2017.	36,30 €
GRUPO VOAR,S.L.	Xantar coro festival de panxoliñas, fra. 7845 de 26.12.2017, R.E. 27.12.2017.	1.930,50 €
MORAN RIBADEO,S.L.	Subministro material para diversos departamentos, fra. 1700329 de 20.12.2017, R.E. 21.12.2017.	517,52 €
MORAN RIBADEO,S.L.	Subministro material para diversos departamentos, fra. 1700330 de 20.12.2017, R.E. 21.12.2017.	211,24 €
MORAN RIBADEO,S.L.	Subministro material para diversos departamentos, fra. 1700331 de 20.12.2017, R.E. 21.12.2017.	2.553,61 €
MORAN RIBADEO,S.L.	Subministro material para diversos departamentos, fra. 1700332 de 20.12.2017, R.E. 21.12.2017.	37,51 €
MORAN RIBADEO,S.L.	Subministro material para diversos departamentos, fra. 1700333 de 20.12.2017, R.E. 21.12.2017.	59,48 €
MORAN RIBADEO,S.L.	Subministro material para diversos departamentos, fra. 1700334 de 20.12.2017, R.E. 21.12.2017.	2.505,52 €
MORAN RIBADEO,S.L.	Subministro material para diversos departamentos, fra. 1700335 de 20.12.2017, R.E. 21.12.2017.	278,49 €
MORAN RIBADEO,S.L.	Subministro material para diversos departamentos, fra. 1700336 de 20.12.2017, R.E. 21.12.2017.	589,50 €
MORAN RIBADEO,S.L.	Subministro material para deportes, fra. 1700337 de 20.12.2017, R.E. 21.12.2017.	9,74 €
MORAN RIBADEO,S.L.	Subministro material para cemiterios, fra. 1700339 de 20.12.2017, R.E. 21.12.2017.	216,47 €
MORAN RIBADEO,S.L.	Subministro material para medioambiente, fra. 1700340 de 20.12.2017, R.E. 21.12.2017.	45,02 €
MORAN RIBADEO,S.L.	Subministro material para a omic, fra. 1700341 de 20.12.2017, R.E. 21.12.2017.	2,36 €
IBERICA DE REVESTIMIENTOS GRUPO EMP.,S.L.	Subministro material para diversos departamentos, fra. 31.804, de 31.11.2016, R.E. 06.04.2017.	298,14 €
IBERICA DE REVESTIMIENTOS GRUPO EMP.,S.L.	Subministro material para deportes, fra. 12,551, de 30.04.2017, R.E.29.06.2017.	58,10 €

IBERICA DE REVESTIMIENTOS GRUPO EMP.,S.L.	Subministro material para diversos departamentos, fra. 21.496, de 14.08.2015, R.E. 16.10.2017.	745,34 €
IBERICA DE REVESTIMIENTOS GRUPO EMP.,S.L.	Subministro material para diversos departamentos, fra. 30.853 de 16.11.2015, R.E. 16.10.2017.	353,39 €
IBERICA DE REVESTIMIENTOS GRUPO EMP.,S.L.	Subministro material para diversos departamentos, fra. 31.368 de 30.09.2017, R.E. 30.11.2017.	147,03 €
IBERICA DE REVESTIMIENTOS GRUPO EMP.,S.L.	Subministro material para diversos departamentos, fra. 31.132 de 15.10.2017, R.E. 30.11.2017.	233,29 €
IBERICA DE REVESTIMIENTOS GRUPO EMP.,S.L.	Subministro material para diversos departamentos, fra. 35.008 de 31.10.2017, R.E. 30.11.2017.	1.129,57 €
VIAQUA,S.A.U.	Canon de auga e verquido vivenda tutelada, fra. 02472016AN00044434 de 13.12.2016, R.E. 15.03.2018.	232,92 €
VIAQUA,S.A.U.	Canon de auga e verquido praia illas, fra. 02472016AN00049209 de 26.12.2016, R.E. 15.03.2018.	79,11 €
VIAQUA,S.A.U.	Canon de auga e verquido vivenda tutelada, fra. 02472016AN00049230 de 26.12.2016, R.E. 15.03.2018.	9,31 €
RUBAL NEIRA, EVA	Agasallo director do grupo de teatro de Ribadeo, fra. 0020/17 de 19.12.2017, R.E. 29.12.2017.	90,00 €
LA SOLANA RIBADEO,S.L.	Xantar comité técnico do equipamento e mobiliario da residencia de Maiores, fra. T002/38428 de 29.05.2017, R.E. 14.11.2017	138,54 €
LA SOLANA RIBADEO,S.L.	Xantar técnica da Xunta que forma parte do comité técnico avaliador do equipamento da Residencia de Maiores, fra. T002/7139 de 23.06.2017, R.E. 14.11.2017.	19,20 €
LA SOLANA RIBADEO,S.L.	Xantar tribunal selección persoal, fra. F002/7157 de 25.09.2017, R.E. 14.11.2017.	127,23 €
LOMBARDEIRO FREIRE,S.L.	Placa de platanio voda Lara Neira e Israel Camarena, fra. A 29522 de 04.10.2017, R.E. 04.10.2017.	75,00 €
TOTAL		38.797,11 €

- Que o importe total da proposta de modificación que formula a Alcaldía ascende á cantidade de TRINTA E OITO MIL SETECENTOS NOVENTA E SETE EUROS E ONCE céntimos (38.797,11 €), e finánciase co remanente de tesourería para gastos xerais obtido da liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2017, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 09/03/2018.

Visto o informe de Intervención emitido o día 16/03/2018 e considerando os seguintes fundamentos xurídicos:

- Os artigos 169, 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que regulan os expedientes de crédito extraordinario e suplemento de crédito, que se complementan nos artigos 35 a 38 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario e nas Bases de Execución do Orzamento.
- Artigo 32 e disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Substentabilidade Financeira, relativos ao posible destino do superávit orzamentario, que entre outros prevé a súa aplicación para atender as obrigas pendentes de aplicar a orzamento e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigas pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas ao peche do exercicio anterior.

De conformidade co exposto propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. - Aprobar con carácter inicial o expediente número 04/2018 de modificación do Orzamento Xeral de 2018 por importe de TRINTA E OITO MIL SETECENTOS NOVENTA E SETE EUROS E ONCE céntimos (38.797,11 €), na modalidade de suplemento de crédito e crédito extraordinario financiado co remanente de tesourería para gastos xerais obtido da liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2017, segundo se detalla nas táboas que de seguido se reflicten:

MODIFICACIÓN NÚMERO 04 DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2018 POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO E/OU CRÉDITO EXTRAORDINARIO.

APLICACIÓNS DE GASTOS AFECTADAS.

APLICACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
132.21300	400,00	41,14	441,14
132.22699	600,00	49,44	649,44
135.22699	1.500,00	53,35	1.553,35
136.21300	200,00	24,20	224,20
153.21000	7.000,00	43,22	7.043,22
153.21300	15.000,00	4,84	15.004,84
153.22000	0,00	211,75	211,75
153.22104	2.000,00	285,88	2.285,88

153.22199	32.000,00	2.627,45	34.627,45
153.22699	2.500,00	11,31	2.511,31
1621.21300	1.000,00	4,84	1.004,84
1622.22700	25.000,00	20.645,37	45.645,37
163.21300	9.000,00	95,76	9.095,76
164.21200	1.000,00	61,47	1.061,47
164.22104	200,00	34,82	234,82
164.22199	2.000,00	142,19	2.142,19
165.22199	16.000,00	288,14	16.288,14
170.21000	2.500,00	10,07	2.510,07
170.22104	0,00	75,99	75,99
170.22199	4.500,00	2.550,54	7.050,54
170.22600	0,00	88,42	88,42
170.22699	3.500,00	40,49	3.540,49
171.21300	15.000,00	41,14	15.041,14
171.22104	1.800,00	17,85	1.817,85
231.21200	600,00	577,56	1.177,56
231.21300	200,00	60,50	260,50
231.22600	0,00	232,92	232,92
231.22636	15.000,00	124,71	15.124,71
231.22699	1.600,00	8,35	1.608,35
231.62600	500,00	159,00	659,00
312.21200	4.000,00	302,50	4.302,50
312.22199	0,00	1,95	1,95
323.21200	4.000,00	48,12	4.048,12

323.21300	600,00	398,04	998,04
323.22699	300,00	21,23	321,23
326.21200	1.000,00	358,99	1.358,99
326.21300	500,00	19,36	519,36
326.22199	200,00	7,80	207,80
3321.22699	1.000,00	48,04	1.048,04
334.21200	3.000,00	143,92	3.143,92
334.21300	400,00	214,17	614,17
334.22199	0,00	73,46	73,46
334.22609	70.000,00	2.312,25	72.312,25
337.21300	0,00	19,36	19,36
337.22699	71.000,00	329,48	71.329,48
341.22699	6.000,00	198,32	6.198,32
341.22711	60.000,00	1.060,00	61.060,00
342.21200	12.000,00	874,29	12.874,29
342.21300	2.000,00	638,88	2.638,88
342.22199	1.000,00	338,01	1.338,01
4312.21300	0,00	19,36	19,36
4312.22110	650,00	278,49	928,49
4311.22600	2.500,00	24,62	2.524,62
431.22610	0,00	419,90	419,90
432.21200	1.000,00	79,68	1.079,68
432.21300	600,00	78,47	678,47
493.22699	600,00	2,36	602,36

912.22601	8.000,00	449,97	8.449,97
920.21200	4.000,00	93,15	4.093,15
920.21300	500,00	33,88	533,88
920.22002	6.000,00	98,74	6.098,74
920.22602	6.000,00	242,00	6.242,00
920.22604	25.000,00	828,85	25.828,85
920.22699	600,00	38,78	638,78
924.21200	3.000,00	87,98	3.087,98
TOTAL MODIFICACIÓN CRÉDITO 04/2018			38.797,11

– **FINANCIAMENTO DO EXPEDIENTE**

ESTADO DE INGRESOS			
CONCEPTO	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
87000	540.000,00	38.797,11	578.797,11
TOTAL MODIFICACIÓN CRÉDITO 04/2018			38.797,11

SEGUNDO. – *Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserto no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.*

Se durante este período non se presentarán alegacións polos interesados, entenderíase que a modificación de crédito foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación do Orzamento será publicada, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Simultaneamente a este envío, remitirase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.”

Sometida a votación a urxencia do asunto resulta declarada por sete votos a favor (dos membros dos Grupos BNG, PSG-PSOE e C’s) e dúas abstencións do Grupo municipal

Popular.

Sometida a votación a proposta da Alcaldía nos termos sinalados, a Comisión Informativa, por seis votos a favor (dos membros dos Grupos BNG e C's) e tres abstencións dos membros dos Grupos municipais Popular (dous) e PSG-PSOE (un), acorda ditaminar favorablemente a mesma para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal.””

Previa deliberación breve sobre o asunto a Corporación, en votación ordinaria, por once votos a favor (dos membros do BNG e C's) e cinco abstencións (dos membros do PP e PSG-PSOE) acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión Informativa nos seus propios termos.

12.-EXPEDIENTE Nº 1004/2018 RELATIVO A RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 1/2018.

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa:

””Por Intervención dase conta do expediente do epígrafe así como da proposta da Alcaldía que obra no mesmo e que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE APROBACIÓN DE RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

En aplicación do disposto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario, que sinala que o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non fosen liquidadas naqueles aos que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación no caso de que non exista consignación Orzamentaria específica.

Tendo en conta que neste caso sería necesaria a existencia do seguinte volume de crédito nas Bolsas de Vinculación xurídica que se sinalan a continuación, do vixente Orzamento Xeral da Corporación para o exercicio 2018:

Bolsa Vinculación	Denominación	C. Disponible	Importe REC
		2018	01/2018
1.2	Servizos públicos básicos. Gastos en bens correntes e de servizos	1.207.612,03	27.449,67
2.2	Actuacións de protección e promoción social. Gastos en bens correntes e de servizos	53.444,13	1.004,04
2.6	Actuacións de protección e promoción social. Inversións reais	1.500,00	159,00
3.2	Producción de bens públicos de carácter preferente. Gastos en bens correntes e de servizos	270.544,28	7.408,17
4.2	Actuacións de carácter económico. Gastos en bens correntes e de servizos	75.411,69	902,88
9.2	Actuacións de carácter xeral. Gastos en bens	198.787,02	1.873,35

	correntes e de servizos		
TOTAL REC 01/2018			38.797,11

Considerando que se está a tramitar en paralelo a este expediente a modificación de crédito 04/2018, financiada con remanente de tesourería, para dar cobertura ao crédito preciso na e non sobrecargar o orzamento do ano

Visto e considerando o informe con reparos nº 031/2018 emitido polo Interventor Municipal de data 16/03/2018

Considerando que os gastos recollidos nas facturas e demais documentos acreditativos do gasto realizado que se conteñen no expediente corresponden a prestacións que foron efectivamente ordenadas e requiridas polo Concello de Ribadeo, foron executadas a satisfacción deste constando a correspondente conformidade, os seus importes se axustan ao pactado e/ou ao mercado, ou ben se corresponden con acordos recollidos en contratos asinados polo concello, e non aprobalos suporía un enriquecemento inxusto.

Por todo o anterior, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Resolver os reparos efectuados pola intervención no seu informe nº 031/2018 de 16/03/2018

Segundo.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de **38.797,11 euros**, correspondentes aos gastos de exercicios anteriores que se indican a continuación e figuran os seus respectivos soportes materiais no presente expediente, aplicando con cargo ao Orzamento Xeral municipal para o exercicio 2018 os créditos recoñecidos, imputándoos ás partidas correspondentes, segundo o sinalado na relación de facturas 13/2018:

TERCEIRO	CONCEPTO	IMPORTE
APAGAL SEGURIDAD Y PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS,S.L.	Revisión de extintores de diversas instalacións municipais, fra. 201702337 de 19/12/2017, R.E. 22/12/2017	1.424,17 €
URBASER,S.A.	Compensación por cantidades mínimas garantizadas periodo 06/2015 a 12/2016, fra. 3053FACT160026 de 30.12.2016, R.E. 12.01.2017	20.645,37 €
GRUPO GASMEDI,S.L.U.	Oxígeno medicinal, fra. DH/14/04/A/318 de 30,04,2014, R.E. 20,11,2017.	53,35 €
LEANDRO SENDÍN FERNANDEZ	Reparación térmicos Centro de Día, fra. 106/2017 de 19.12.2017, R.E. 27.12.2017.	525,14 €
FIGUEIRAS RAMA, JOSÉ MANUEL	Restitución rótulo deteriorado por vehículo	828,85 €

	municipal, fra. F/17130 de 21.04.2017, R.E. 07.06.2017.	
THYSEENKRUPP ELEVADORES, S.L.U.	Servizo de mantemento do elevador do CEIP G.Sanz, fra. 9001255742 de 01.10.2017, R.E. 04.10.2017.	170,56 €
CLUBEPIRAGÜISMO ALTRUÁN RIBADEO	Prestación servizo escola municipal de piragüismo, fra 02 de 01.10.2017, R.E. 26.10.2017.	1.060,00 €
MEGASOFT RIBADEO,S.L.U.	Suministro fax multifunción Brother, fra. A133 de 22.06.2017, R.E. 10.07.2017.	159,00 €
FERROS ALONSO,S.L.	Subministro diverso material para obras, fra. 3837 de 15.09.2017, R.E. 21.09.2017.	519,72 €
OTERO ARES, JESÚS	Subministro tonnerpara impresoras, fra. FV17/00102 de 19.06.2017, R.E. 21.06.2017.	98,74 €
RODRÍGUEZ GARCÍA, JOSÉ MANUEL	Coordinación e preparación VII curso de jazz e música moderna de Ribadeo, fra. A/2/2017 de 26.10.2017, R.E. 03.11.2017.	129,03 €
LA VOZ DE GALICIA,S.A.	Suplemento cabodeano Ponte dos Santos, fra. 012774 de 31.10.2017, R.E. 13.11.2017.	242,00 €
IRIARTE QUINTANA, FRANCISCO MIGUEL	Talonarios partes para obras, fra. 293 de 09.10.2017, R.E. 19.10.2017.	211,75 €
IRIARTE QUINTANA, FRANCISCO MIGUEL	Vinilo ccooperación risga alamacen medioambiente, fra. 265 de 18.09.2017, R.E. 02.10.2017.	36,30 €
GRUPO VOAR,S.L.	Xantar coro festival de panxoliñas, fra. 7845 de 26.12.2017, R.E. 27.12.2017.	1.930,50 €
MORAN RIBADEO,S.L.	Subministro material para diversos departamentos, fra. 1700329 de 20.12.2017, R.E. 21.12.2017.	517,52 €
MORAN RIBADEO,S.L.	Subministro material para diversos departamentos, fra. 1700330 de 20.12.2017, R.E. 21.12.2017.	211,24 €
MORAN RIBADEO,S.L.	Subministro material para diversos departamentos, fra. 1700331 de 20.12.2017, R.E. 21.12.2017.	2.553,61 €
MORAN RIBADEO,S.L.	Subministro material para diversos departamentos, fra. 1700332 de 20.12.2017, R.E. 21.12.2017.	37,51 €
MORAN RIBADEO,S.L.	Subministro material para diversos departamentos, fra. 1700333 de 20.12.2017, R.E. 21.12.2017.	59,48 €
MORAN RIBADEO,S.L.	Subministro material para diversos departamentos, fra. 1700334 de 20.12.2017, R.E. 21.12.2017.	2.505,52 €
MORAN RIBADEO,S.L.	Subministro material para diversos departamentos,	278,49 €

	<i>fra. 1700335 de 20.12.2017, R.E. 21.12.2017.</i>	
MORAN RIBADEO,S.L.	<i>Subministro material para diversos departamentos, fra. 1700336 de 20.12.2017, R.E. 21.12.2017.</i>	589,50 €
MORAN RIBADEO,S.L.	<i>Subministro material para deportes, fra. 1700337 de 20.12.2017, R.E. 21.12.2017.</i>	9,74 €
MORAN RIBADEO,S.L.	<i>Subministro material para cemiterios, fra. 1700339 de 20.12.2017, R.E. 21.12.2017.</i>	216,47 €
MORAN RIBADEO,S.L.	<i>Subministro material para medioambiente, fra. 1700340 de 20.12.2017, R.E. 21.12.2017.</i>	45,02 €
MORAN RIBADEO,S.L.	<i>Subministro material para a omic, fra. 1700341 de 20.12.2017, R.E. 21.12.2017.</i>	2,36 €
IBERICA DE REVESTIMIENTOS GRUPO EMP.,S.L.	<i>Subministro material para diversos departamentos, fra. 31.804, de 31.11.2016, R.E. 06.04.2017.</i>	298,14 €
IBERICA DE REVESTIMIENTOS GRUPO EMP.,S.L.	<i>Subministro material para deportes, fra. 12,551, de 30.04.2017, R.E.29.06.2017.</i>	58,10 €
IBERICA DE REVESTIMIENTOS GRUPO EMP.,S.L.	<i>Subministro material para diversos departamentos, fra. 21,496, de 14.08.2015, R.E. 16.10.2017.</i>	745,34 €
IBERICA DE REVESTIMIENTOS GRUPO EMP.,S.L.	<i>Subministro material para diversos departamentos, fra. 30.853 de 16.11.2015, R.E. 16.10.2017.</i>	353,39 €
IBERICA DE REVESTIMIENTOS GRUPO EMP.,S.L.	<i>Subministro material para diversos departamentos, fra. 31.368 de 30.09.2017, R.E. 30.11.2017.</i>	147,03 €
IBERICA DE REVESTIMIENTOS GRUPO EMP.,S.L.	<i>Subministro material para diversos departamentos, fra. 31.132 de 15.10.2017, R.E. 30.11.2017.</i>	233,29 €
IBERICA DE REVESTIMIENTOS GRUPO EMP.,S.L.	<i>Subministro material para diversos departamentos, fra. 35.008 de 31.10.2017, R.E. 30.11.2017.</i>	1.129,57 €
VIAQUA,S.A.U.	<i>Canon de auga e verquido vivenda tutelada, fra. 02472016AN00044434 de 13.12.2016, R.E. 15.03.2018.</i>	232,92 €
VIAQUA,S.A.U.	<i>Canon de auga e verquido praia illas, fra. 02472016AN00049209 de 26.12.2016, R.E. 15.03.2018.</i>	79,11 €
VIAQUA,S.A.U.	<i>Canon de auga e verquido vivenda tutelada, fra. 02472016AN00049230 de 26.12.2016, R.E. 15.03.2018.</i>	9,31 €
RUBAL NEIRA, EVA	<i>Agasallo director do grupo de teatro de Ribadeo, fra. 0020/17 de 19.12.2017, R.E. 29.12.2017.</i>	90,00 €
LA SOLANA RIBADEO,S.L.	<i>Xantar comité técnico do equipamento e mobiliario</i>	138,54 €

	da residencia de Maiores, fra. T002/38428 de 29.05.2017, R.E. 14.11.2017	
LA SOLANA RIBADEO,S.L.	Xantar técnica da Xunta que forma parte do comité técnico avaliador do equipamento da Residencia de Maiores, fra. T002/7139 de 23.06.2017, R.E. 14.11.2017.	19,20 €
LA SOLANA RIBADEO,S.L.	Xantar tribunal selección persoal, fra. F002/7157 de 25.09.2017, R.E. 14.11.2017.	127,23 €
LOMBARDEIRO FREIRE,S.L.	Placa de platanio voda Lara Neira e Israel Camarena, fra. A 29522 de 04.10.2017, R.E. 04.10.2017.	75,00 €
TOTAL		38.797,11 €

Sometida a votación a urxencia do asunto resulta declarada a mesma por unanimidade dos membros da Comisión Informativa.

Sometida a votación a proposta da Alcaldía nos termos sinalados, a Comisión Informativa, por oito votos a favor (dos membros dos Grupos BNG, PP e C's) e unha abstención do Grupo municipal Socialista, acorda ditaminar favorablemente a mesma para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal.””

Previa deliberación breve sobre o asunto a Corporación, en votación ordinaria, por once votos a favor (dos membros do BNG e C's) e cinco abstencións (dos membros do PP e PSG-PSOE) acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión Informativa nos seus propios termos.

13.-CONTROL DOS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN (ART. 46.2 DA LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL, REGULADORA DAS BASES DE RÉXIME LOCAL).

A)DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DITADOS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA ENTRE O 1 DE DECEMBRO DE 2017 E 31 DE XANEIRO DE 2018 (EXPEDIENTE Nº. 1796/2016).

B)MOCIONS.

C)ROGOS E PREGUNTAS.

B)MOCIONS.-

1. EXPEDIENTE Nº.1042/2018 RELATIVO A MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOBRE MELLORA NO ALUMEADO PÚBLICO DE COUXELA.

A)DECRETOS DA ALCALDIA.-

A Corporación dáse por enterada dos Decretos ditados pola Alcaldía-Presidencia no exercicio das súas funcións no período comprendido entre o 1 de decembro de 2017 eo 31 de xaneiro de 2018.

BJMOCIÓN.-

De xeito previo ao tratamento da Moción prevista na Orde do día, por parte do portavoz do Grupo Municipal Popular Sr. López Penabaz preséntase unha Moción para ser sometida a declaración de urxencia, relativa a dotación dun campo de fútbol de céspede artificial que xa fora presentada en 15 de setembro de 2015. Entrégase copia.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO Á DEPUTACIÓN DE LUGO Á SINATURA DUN CONVENIO QUE PERMITA A DOTACIÓN DUN CAMPO DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO NOSO MUNICIPIO.-

Polo portavoz dáse conta da Moción que se transcribe:

“O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR de RIBADEO, a través do seu portavoz, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no vindeiro Pleno, a seguinte

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO Á DEPUTACIÓN DE LUGO Á SINATURA DUN CONVENIO QUE PERMITA A DOTACIÓN DUN CAMPO DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO NOSO MUNICIPIO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O mal estado de conservación e mantemento no que se atopa o Estadio Municipal Pepe Barrera e unha situación que constatan todos os veciños de Ribadeo, profesionais e afeccionados á práctica do deporte.

As inundacións constantes que sofre, con especial intensidade en determinadas épocas do ano, dificultan ou incluso imposibilitan a súa utilización poñendo de relevo a existencia de problemas estruturais de drenaxe.

Para o Grupo Municipal Popular é moi importante que os nenos do

/ noso concello, pero tamén os equipos profesionais, poidan dispoñer dunhas instalacións de calidade que mellorarán a forma de adestrar e xogar.

A construción dun campo de xogo de céspede artificial, serviría para convertelo nunha instalación de referencia para o fútbol no noso concello e para o deporte en xeral, sen esquecer o seu papel dinamizador da economía e da sociedade.

Unhas novas instalacións renovadas permitirán un uso intensivo deste campo durante todo o ano, e tamén de noite ou en condicións de menor intensidade de luz solar, para o cal precisa dunha instalación xeral de iluminación, facilitando así a práctica do deporte en distintas condicións lumínicas.

Non debemos esquecer tampouco que un campo de fútbol con céspede artificial precisa un esforzo de mantemento mínimo e cuns custos moi reducidos, polo que o beneficio é dobre: o campo estará sempre en bo estado, e con menos gastos.

O Grupo Municipal Popular xa trasladou ao anterior equipo de Goberno da Deputación de Lugo, a través dos representantes provinciais populares, a necesidade de que esta administración se implique economicamente para dotar a Ribadeo das instalacións deportivas coas condicións necesarias para a práctica con calidade do fútbol.

Naquel momento este obxectivo non parecía ser unha prioridade de socialistas e nacionalistas que, a pesares de presumir nos medios de comunicación sobre que a administración provincial que daquela dirixían era unha das grandes defensoras do deporte, rexeitou esta demanda.

Tendo en conta que persiste a mala situación das instalacións do Estadio Municipal Pepe Barrera, así como a necesidade dun novo campo de herba artificial, o Grupo Municipal Popular reitera, facéndose eco das demandas de profesionais e afeccionados, a solicitude de colaboración da Deputación para a construción do campo de fútbol de herba artificial de Ribadeo.

E por iso solicitamos a consideración da seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

O Pleno da Corporación Municipal de Ribadeo acorda instar á Deputación provincial de Lugo á celebración dun convenio de colaboración co noso Concello para a dotación no municipio dun campo de fútbol de céspede artificial que contribuirá á mellora das instalacións deportivas do municipio.”

O Sr.Alcalde intervén e móstrase de acordo, significando que está moi ben pero que no deixa de ser un “brindis ao sol”. Pon de manifesto o escrito remitido recentemente á Presidencia da Deputación Provincial con este asunto, nos termos seguintes:

Asunto.- Solicitude relativa á necesidade de dispoñer dun campo de adestramento sintético no Concello de Ribadeo

Resulta evidente a grave problemática existente no Concello de Ribadeo en canto á dispoñibilidade de campos de fútbol para adestrar, non só utilizados polo Ribadeo F.C. (equipo de fútbol sénior masculino e feminino) e a S.D. Ribadeo (equipo de fútbol de categorías inferiores), pois neles desenvólvense outros deportes locais como poden ser o rugby ou o atletismo. Así, durante o inverno non se pode adestrar no Estadio Pepe Barrera co fin de que presente as mellores condicións posibles nos distintos partidos oficiais de liga, o que nin se chega a conseguir, como evidencia o aprazamento de varios partidos nos últimos anos ou o desenvolvemento dun gran número deles nunhas condicións impracticables. En canto aos campos de adestramento dispoñibles, campo sintético de fútbol 7 sito no CEIP Gregorio Sanz e campos de herba natural de Outeiro na Devesa e da “vía” en Ove, ademais de insuficientes para o gran número de equipos deportivos locais que fan usos deles, os de herba natural acaban presentando unhas condicións tamén impracticables ao longo do inverno, que ademais de non permitir adestrar en condicións idóneas supón un grave risco de lesión para os distintos xogadores, o que se deriva na cancelación de adestramentos ou situacións como que o Ribadeo F.C. masculino adestra con moita frecuencia en campos sintéticos doutros Concellos durante o inverno, en concreto A Pontenova, Foz, Burela ou Friol.

Á vista da situación anteriormente exposta queda de manifesto que un Concello como Ribadeo, dada a gran cantidade de equipos deportivos existentes, debe contar cun campo de fútbol 11 sintético e a súa vez multidisciplinar, que poda dar cabida a outros deportes existentes no municipio como poden ser o rugby ou o atletismo, ademais do fútbol. Non hai que esquecer que sen mirar máis aló da Mariña Lucense, Concellos como A Pontenova, Foz, Burela, Cervo, Xove e Viveiro contan con este tipo de instalación deportiva cuxo principal beneficio é o de non verse afectada polas condicións adversas do inverno, como estamos a sufrir agora mesmo, ademais de, como se indicou, mellorar a dispoñibilidade actual á hora de adestrar.

Visto que o PXOM de Ribadeo reservou unha área compatible con estes usos (equipamento deportivo), nomeada como 08-SN-D1, nas proximidades do Estadio Pepe Barrera, tratándose de terreos de titularidade privada, feito polo cal habería que acudir á expropiación, motivando a “causa expropiandi” na clara falla de infraestruturas deportivas municipais para dar resposta á recente demanda de todo o movemento asociativo deportivo, como así se xustificou nos primeiros parágrafos do presente escrito.

En base ao anteriormente exposto, é necesario dispoñer dun proxecto que inclúa a posible valoración de terreos a expropiar e tódalas cuestións técnicas para unha correcta execución deste campo de adestramento sintético. Resultando que os técnicos municipais cos que conta o Concello de Ribadeo non poden a día de hoxe realizar este proxecto pola carga de traballo acumulada nos seus departamentos, ao tempo de non teren quizais as capacidades técnicas necesarias, apoiándonos no artigo 36.1.b da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, no que se establece como competencia propia das Deputacións a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, por medio do presente **solicítaselle á Deputación de Lugo a redacción do proxecto para a construción dun campo de fútbol 11 sintético e multidisciplinar no Concello de Ribadeo, incluída a separata de expropiación necesaria, de acordo coa localización sinalada no documentación xuntada.**

Documentación xuntada:

- Planos de situación.
- Datos catastrais das parcelas afectadas.
- Informe de cualificación urbanística dos terreos afectados, asinado polo Arquitecto Municipal do Concello de Ribadeo.

A carta enviouse a principios de marzo e fíxose porque son conscientes das necesidades pero en todo caso entenden que a Moción que presenta o Grupo Popular non é urxente.

Cando se reciba resposta ao pedido haberá que sentarse todos os grupos para tomas decisións.

O portavoz do Grupo Popular pregunta que dano fai engadir esta Moción remitíndoa con carácter de unanimidade por todos os Grupos. Manifesta que cre que o asunto é urxente.

A portavoz do Grupo Socialista sinala a posibilidade de efectuar unha mocion no mesmo senso pedindo á Xunta de Galicia.

Debátese sobre o asunto entre os portavoces dos diferentes Grupos.

Sometida a votación resulta rexeitada a urxencia da mesma por once votos en contra (dos membros dos Grupos do BNG e Cidadáns), tres votos a favor (dos membros do Grupo Municipal Popular) e dúas abstencións dos membros do Grupo Socialista.

De seguido pásase ao tratamento da Moción incluída na Orde do día deste pleno:

1. EXPEDIENTE Nº.1042/2018 RELATIVO A MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOBRE MELLORA NO ALUMEADO PÚBLICO DE COUXELA.

D.Jesús López Penabad, do Grupo Popular pasa a expoñer o contido da moción do seu Grupo e explica os motivos polos que a presentan. Explica que se trata dunha demanda veciñal e o que se demanda é a substitución das luces antigas por outras e a instalación doutras novas onde hoxe non hai ningunha.

O texto da Moción é o seguinte:

O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR de RIBADEO, a través do seu portavoz, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no vindeiro Pleno, a seguinte

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO O CONCELLO A INICIAR A MELLORA DO ALUMEADO NA PARROQUIA DE COUXELA, RIBADEO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O alumeado da parroquia de Couxela data de firiáis do século pasado, anos noventa. Co paso do tempo, estas instalacións están en estado precario e con puntos deficientes de luz, ou sen ela.

Esto provoca malestar e inseguridade na veciñanza desta parroquia.

O PP de Ribadeo propón o pleno a seguinte proposta de acordo.

O Pleno da Corporación Municipal de Ribadeo acorda:

1- Instar o Concello de Ribadeo a iniciar os trámites para a revisión e renovación dos puntos existentes.

2- Instar o Concello a instalación de novos puntos de luz nos lugares que citamos a continuación:

Casas novas e depósito existente no cruce.

Casais.

Cerdeiriñas.

Cruce da igrexa.

Casa do Ramono.”

Don Vicente Castro Reigosa indica que xa están en trámite, e que van a votar a favor.

Indica igualmente que están a licitar a iluminación do Concello. Recoñece que a iluminación actual en Couxela é deficiente e enumera algunha das melloras que se fixeron, indicando que non é suficiente e que van a incluír tecnoloxía led nos arranxos que fagan.

Tamén indica que se van a mellorar máis zonas e instalar proxectores nos pasos de peons e di que na moción pediría tamén unha remodelación, xa que hai cousas que hai que cambiar, e di que o seu grupo está a favor.

Explica que aínda teñen que adaptarse á plataforma nova de contratación, pero que se van a facer as melloras.

Sometida a votación a Moción de referencia resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes da Corporación nos seus propios termos.

C) ROGOS E PREGUNTAS

DO GRUPO MUNICIPAL CIDADÁNS-GRUPO MIXTO:

Dona Marta María Saiz pregunta que se vai facer co entullo procedente do derrumbe dun muro que houbo na Rúa Muralla.

O Sr. Alcalde di que non sabe nada dun derrumbe.

Dona Marta María Saiz, di que non sabe cando caeu, pero que xa fai tempo que saleu no Facebook.

O Sr. Alcalde di que o van a mirar, porque os técnicos nin a policía lle dixeron nada.

A Sra. Saiz di que ela non o veu, pero que llo comentaron.

DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA:

Dona Aurora González Ginzo manifesta que lle fixeron chegar queixas de que para comunicarse con VIAQUA só hai un teléfono 901 e non están a enviar as facturas da auga.

Indica que ela fai anos que non recibe ningunha e pregunta se ese é o funcionamento normal concertado.

O Sr. Alcalde di que xa lle comentaron o tema, que o ía falar cos técnicos, pero que se lle pasou. Di que polo tema do teléfono vai a mirar os pregos e que tomarán as medidas oportunas.

Dona Aurora González preguntalle polo tema das facturas.

O Sr. Alcalde contéstalle que dende fai moito tempo as facturas da auga veñen con moito máis retraso que as da luz, porque hai un proceso previo de aprobación de padrón.

Dona Marta María Saiz, do grupo de Cidadans, explica que esas facturas non as manda Correos, se non unha empresa externa e que pode que sexa ese o problema do retraso. Di que esa empresa debeu contratar outra empresa postal e que o retraso ten que vir pola falta de infraestrutura.

O Sr. Alcalde di que dentro duns días van a ter unha comisión bilateral e que tratarán o tema.

Reitera que mirarán os pregos de condicións do contrato e que se non din nada intentarán falar coa empresa e chegar a unha solución.

A Concelleira Sra. González Ginzo indica que o teléfono é un 902, que non é gratuito e que non falas coa oficina de Ribadeo directamente.

A mesma concelleira formula outra pregunta relativa a que hai unha luz fundida entre a finca de Mari Luz e a súa, no lugar de O Coto, en Vilaframil.

DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR:

D. José María García Suárez explica que o seu Grupo tamén ía preguntar polo tema da auga e comunicar as queixas dos veciños.

Pregunta se hai prevista algunha alternativa ao tema dos aparcamentos, xa que algún pode chegar a desaparecer, como o de Rosalía de Castro, e que en épocas estivais é moi difícil aparcar.

O Sr. Alcalde resposta que o de Rosalía de Castro, o día que desapareza, cando se faga a obra está previsto que teñen que ceder aparcamento público ao Concello. Explica que o problema só vai a ser cando se execute a obra. Indica tamén o Sr. Alcalde que están a buscar algunha outra alternativa en terreos privados, pero que naide cede nada gratis, pero explica que unha opción é que os presten e encargarse o Concello de rozalos e así non pagar aluguer.

D. José María García Suárez pregunta se non hai previsto facer un pequeno carril para as bicicletas na zona peatonal. Di que o único que hai para as bicicletas son os soportes que se puxeron, que ninguén os usa e que son moi feos. Indica que non ningunha zona en Ribadeo onde podan pasar pola peatonal.

O Sr. Alcalde dille que é un rogo excesivo, que farán o que podan, pero é complicado. Maniféstalle que non está de acordo en que os soportes das bicicletas estén sen usar nin en que sexan feos. Di que os veu en máis lugares e que se colocaron según suxerencias dos colectivos de ciclistas.

Opina que para poder facer un carril bici en Ribadeo habería que demoler o pobo, que é moi difícil, que incluso pode chegar a ser perigoso. Explica que xa lle pediron a Costas un carril bici ata as Catedrais e que non se fixo e que a policía lle di que non ten sentido facer carrís por segmentos.

Di que o tema do fomento da bicicleta é moi polémico e moi contradictorio, xa que a normativa é moi antiga, que hai contradición na interpretación.

Tamén idica que hai moita xente que non se comporta correctamente coa bicicleta polo casco vello, que hai queixas dos veciños de que non respetan a norma. Por iso di que hai ambigüedade, e que lle da medo a que haxa conflitos de accidentes.

O Sr. Alcalde explica que se lexislan máis para restrinxilo máis, pero que para poñer o carril bici habería que quitar os aparcamentos.

Don Jesus López dille que entón habería que quitar o cartel de concello amigo da bicicleta.

O Sr. Alcalde contéstalle que ese cartel é para que os condutores respeten máis ás bicicletas. Di que aínda aí algún que colle as rotondas atallando, e que iso é moi perigoso.

Don Jesús López dille que algún o fai por descoñecemento.

O Sr. Alcalde explica que os carteis son para que ningún condutor dun vehículo se poña nervioso se ten que ir detrais dunha bicicleta. E indica que todo o que se fixo foi según as indicacións do colectivo de bicicletas, que non o inventaron eles. Di que lle gustaría facer moito máis, pero que Ribadeo foi medrando como medrou e que agora non hai onde meter máis.

Dona Marta María Saiz pregunta se non se pode andar en bicicleta no casco vello.

O Sr. Alcalde contéstalle que non, que a normativa do ano 1985 di que poden andar a paso de peón; explica que a xente maior soe ser prudente andando na bicicleta, pero que a xente nova non. Dona Marta María Saiz di que iso o vai haber sempre.

O Sr. Alcalde di que por iso non se atreven a modificar a normativa vella, que cando non se sabe moi ben o que facer é mellor deixar as cousas.

Don Jesús López pregunta se no Concello hai rexistro de cans perigosos.

O Sr. Alcalde di que si.

Don Jesús López pregunta se hai multas nesa materia impostas pola policía municipal e se se levaron a cabo, xa que lle parece que non se está a cumprir a normativa.

O Sr. Alcalde contesta que non hai moitas multas, xa que é difícil que os collan non momento.

Di que hai persoas que chegan feitas unha furia porque están denunciados.

Don Jesús López di que hai que controlar aos que manexan cans desa clase.

O Sr. Alcalde dille que eses cans fan as súas necesidades igual que os demáis.

Don Jesús López di que se refire ao bozal, porque ve moitos sen el.

O Sr. Alcalde contesta que as multas que hai tramitadas son por excrementos, pero que non lle consta que haxa por bozal.

Don Jesús López di que non ve que en Ribadeo se multe por iso; cambiando de tema, di que na Rúa Villafranca del Bierzo hai queixas dalgúns locais polos ocheiros desagradables que hai nalgunhas épocas.

O Sr. Alcalde di que sabe de queixas en verán porque están secos os sifós, pero que nesta época non lle consta ningunha queixa. Que só veu unha queixa a semana pasada, pero que eran por unhos tubos.

Don Jesús López pregunta se non é posible poñer na zona rural contenedores de vidro e cartón, que o demandan os veciños, por exemplo na zona do aparcamento municipal. Opina que non sería complicado poñelos e que os veciños se comprometen a utilizalos.

D.Jorge Díaz Freije, concelleiro delegado de limpeza e xestión de residuos di que na pista de Vilaframil hai un.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as vintedúas horas e vintecinco minutos estendéndose a presente acta do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

Asdo. FERNANDO SUÁREZ BARCIA

O SECRETARIO XERAL,

Asdo. JOSÉ A. CARRO ASOREY

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE